



**Concurso de Carteis para
Torneo Internacional de Tenis:
“IV Futures Cidade de Ourense”**



BASES:

O Club Santo Domingo de Ourense en colaboración coa Federación Galega de Tenis pon en marcha un Concurso de Carteis para anunciar o torneo “IV Futures Cidade de Ourense” que terá lugar no devandito club entre os días 20 e 28 de Agosto. O concurso rexirase polas seguintes bases:

Primeira.- Poderán participar os artistas e deseñadores que estean interesados no mesmo, ben individualmente ou en grupo.

Segunda.- O contido das obras deberá ter en conta o que se trata de anunciar (o tenis, o carácter internacional do torneo e a cidade de Ourense),

Terceira.- A imaxe deberá incorporar os textos “IV Futures Cidade de Ourense” “Do 20 ao 28 de Agosto do 2011” e deixar espazo para os logos das entidades organizadoras: club e federación.

Cuarta.- Os traballos han de ser orixinais e inéditos, no tendo sido presentados noutros concursos e que non supoñan en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou doutros artistas.

Quinta.- Os traballos serán de concepción y técnicas libres, sempre que sexa posible a súa reprodución en vertical y tamaño DIN A2. Os autores que opten por realizar as súas obras mediante sistemas informáticos, deberán aportar unha reprodución a cor coas medidas e demais características anteriormente indicadas, e unha ficha técnica dos procedementos empregados, incluíndo as fontes utilizadas. Aconsellable usar formato PDF, Resolución 200-300 píxeles.

Sexta.- Os traballos serán remitidos ben en soporte dixital (CD-ROM), ben por correo ordinario á seguinte dirección:

**Club Santo Domingo
A Derrasa, s/n
32792 Pereiro de Aguiar
Ourense**

Sétima.- Cada participante deberá adxuntar nun sobre pechado os seus datos:

Nome e apelidos . Idade . DNI . Dirección completa . Teléfono de contacto (fixo e móbil) . E-mail)

Oitava.- O prazo de entrega finalizará o 25 de Maio de 2011.

Novena.- O xurado estará composto por dous membros da Xunta Directiva do Clube Santo Domingo, un da directiva da Federación Galega de Tenis e un experto en publicidade. Concederán un premio único de 120 € por maioría simple dos seus membros . Emitirá o seu fallo o 27 de Maio do 2011 no Local Social do Club Santo Domingo ás 20:00 h. O premio poderá ser declarado deserto se o Xurado así o estima oportuno.

Décima: A copia do cartel premiado quedará en propiedade da Entidade Organizadora, que se reserva todos os dereitos sobre ela. Así mesmo os orixinais, non premiados, serán devoltos a todos aqueles participantes que o soliciten antes do 15 de Xuño de 2011.

E-mail de contacto: info@clubsantodomingo.es